

SECUNDARIA

Introdución:

A avaliación terá como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado e do exercicio da práctica docente.

A avaliación da aprendizaxe levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e dos logros dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación

Promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás diferentes situación de aprendizaxe

O proceso avaliador deberá adaptarse ás circunstancias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

AVALIACIÓN INICIAL

Data prevista de realización: nos primeiros días de clase (ao longo da 1ª semana do curso)

A avaliación inicial consistirá :

- Nunha proba escrita, na que se intentará obter unha información inicial non tanto sobre os coñecementos que o alumno poda ter, senón máis ben sobre o seu nivel de comprensión (a través dos enunciados do cuestionario), a ortografía, a claridade expositiva,...
- Lectura dun texto sobre algún aspecto da materia: con el poderemos apreciar o nivel de lectura, e a comprensión do mesmo.

Mecanismos para informar ás familias:

Despois da reunión do profesorado do grupo, cada titor, realiza unha reunión cos pais, na que se lles dá información xeral sobre o centro e o grupo en conxunto, pero tamén se concertan citas específicas, co propio titor ou con calquera dos profesores que o soliciten (solicitude por parte dun profesor ou dos pais)..

MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Despois de realizada a avaliación inicial, e en función dos resultados, poderanse deseñar tarefas de reforzo ou ampliación fundamentalmente individuais.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua (información permanente), formativa e orientadora. Detectamos dificultades e aplicamos medidas de adaptación e reforzo ao longo de todo o proceso de aprendizaxe

Ao longo do curso existirán tres sesións de avaliación. Haberá unha sesión de avaliación final ordinaria a finais de xuño.

Empregaremos diferentes instrumentos para medir, valorar e analizar a evolución do alumnado

- Probas escritas: moi importantes á hora de medir a adquisición de conceptos e procedementos.
- Observación directa do alumnado na aula: resulta fundamental dado o carácter continuo da avaliación, principalmente para valorar a adquisición de procedementos e actitudes.
- Actividades escritas: Valoraranse todas aquelas actividades realizadas en papel ou soporte informático que traballe o alumno na aula e na casa. Poden ser individuais ou grupais, así como obrigatorias ou voluntarias.
- Revisión do caderno de clase: con especial atención á realización das tarefas e á corrección dos erros en clase, valorando igualmente a orde e a correcta presentación.
- Participación na aula, tanto con preguntas como aportando información e puntos de vista propios. O traballo na aula, tanto en actividades dirixidas como nas actividades voluntarias.
- Exposicións orais

MODELO DE PROBA

As probas que deberán facer os alumnos e alumnas contarán cunha diversidade e variedade de preguntas para valorar diferentes capacidades de comprensión, redación, explicación e desenvolvemento de conceptos, temas e ideas. Deberá quedar claro que non será o único procedementos para valorar as capacidades e certas competencias do alumnado

- Definición breve de conceptos e ideas.
- Relación entre conceptos diversos

- Identificación e comentario sobre a transcendencia de personaxes históricos
- Realización, análise e comentario, máis ou menos guiado segundo o nivel do grupo e do alumnado, de textos, gráficos e imaxes históricas e xeográficas
- Elaboración e comentario de mapas físicos, políticos e temáticos.
- Desenvolvemento dun tema concreto.

Poderase tamén optar pola realización de probas de carácter oral para valorar a capacidade discursiva oral do alumnado

PROCEDEMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Como instrumentos de avaliación teranse en conta a realización dunhas probas escritas e a valoración dunha táboa de indicadores
- **Probas escritas:** a media das notas dos exames suporá o 70% da nota de cada avaliación. Serán o instrumento de avaliación básico e principal da materia. A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato,. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión
É importante salienta que cando existan fundadas sospeitas de que houbo algún tipo de irregularidade en calquera proba feita polo alumnado, o profesor poderá repetir a mesma, sempre e cando o estime oportuno. Cando esas irregularidades estén plenamente confirmadas e atestiguadas a nota da proba será un 0.

- **En canto as actividades** consistirán nunha serie de propostas, actividades e tarefas tales como revisión de cadernos, revisión e desenvolvemento de exercicios e actividades tanto do libro como os propostos polo profesorado, exposicións orais, a participación na clases. Para a valoración destas actividades empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa. **A valoración de este apartado suporá o 30% da nota de cada avaliación e da final de xuño.**

(Dentro deste apartado terase en conta o grao de evolución das súas aprendizaxes e hábitos de traballo, e o grao de adquisición de diferentes capacidades cognitivas e das competencias básicas, con respecto á materia, reflectidas nos diferentes instrumentos de avaliación).

A nota da avaliación será polo tanto: $[(\text{Media Ex.} \times 70) + (\text{Media rúbricas T.I.} \times 30)] / 100$.

- Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que

cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa.

- **Para aprobar cada unha das tres avaliacións parciais e a avaliación ordinaria (final), a nota media deberá ser como mínimo un 5.**
- Se o alumno non acadou as competencias suficientes para alcanzar unha cualificación positiva nun trimestre, durante o seguinte propoñerase un plan/ actividades individualizado de reforzo e fará unha proba/exame de recuperación sobre as cuestións, preguntas e actividades traballadas. En relación á parte práctica esta deberá ser entregado nos prazos indicados (de non facelo no prazo establecido sin causa xustificada non será valorada).A valoración e a ponderación das diferentes notas (proba escrita e cualificación das tarefas de recuperación e reforzo) será as mesmas que as aplicadas con carácter xeral O alumno/a recuperará o trimestre suspenso a partir dun 5

AVALIACIÓN ORDINARIA (FINAL)

- Para aprobar o curso o alumno/a terá que ter aprobadas todas as avaliacións parciais
- A nota final da materia será a media da obtida nas avaliacións parciais e seguiremos tendo en conta que cando o decimal da nota é superior a 5 o redondeo da irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa
- Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación,
- A proba final en xuño versará sobre os contido das avaliacións non superadas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente. En canto ao redondeo da nota, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

O alumnado que teña **ADAPTACIÓN CURRICULAR** será avaliado e cualificado en función das características específicas establecidas de forma individualizada en cada unha das adaptacións curriculares.

PLAN DE REFORZO (ALUMANDO CON MATERIAS PENDENTES)

CRITERIOS

O Plan contará cos seguintes apartados:

1. Identificación do alumno/a

2. Información relevante sobre a materia sen superar.

Neste contexto poderán indicarse os problemas de aprendizaxe detectados no alumno ou alumna que lle impediron acadar os obxectivos e competencias establecidas así como as ferramentas e instrumentos utilizados para subsanalos para correxilos ou adaptalos

3. Currículo para desenvolver especificando os criterios de avaliación

Neste contexto priorizaranse aqueles contidos mínimos necesarios para acadar os obxectivos establecidos. Será indispensable selecciónalos e xerarquizalos. Os criterios de avaliación empregados deberán adaptarse a esta circunstancia

4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. Tarefas a realizar. Temporización

Elaborarase un boletín ou caderno de actividades ao longo da primeira quincena de outubro que debe estar perfectamente ordenado, limpo e cuidado por trimestre que o alumno desenvolverá coa axuda do profesorado. Priorizaranse aquelas actividades axeitadas aos contidos mínimos establecidos no currículo de reforzo. As actividades estarán guiadas. O profesorado explicará ao principio de cada trimestre detalladamente o contido das diferentes actividades establecéndose datas de reunión (semanais-quincenais-mensuais) para que o alumnado vaia dando conta das dificultades que poda ir atopando na súa realización. O caderno será recollido trimestralmente (na 1ª e 2ª avaliación, en datas que se indicarán de acordo coa Xefatura de Estudos)

5. Recursos empregados

O libro de texto e o propio boletín serán os recursos aos que acuda o alumno e alumna para facer as actividades. Ademais incorporaranse, vía aula virtual, outros recursos como vídeos e cuestionarios interactivos, tutoriais, relacionados con algunha das prácticas a desenvolver

6. Seguimento e avaliación. Información ás familias

Tal e como xa se sinalou estableceranse prazos desde principio de curso, adaptables ás diferentes circunstancias que se podan producir, para presentar as actividades e seguir o seu desenvolvemento. A principios do curso enviarase ás familias do alumnado implicado unha carta informativa na que se lles explicarán todas estas pautas e

ferramentas que se utilizarán para superar as materias pendentes. Chegado o caso tamén se lles informará, vía titoría, dos problemas que podan xurdir ao longo deste proceso.

Na avaliación serán valorados tanto a calidade do boletín entregado como a realización dunha proba (1ª e 2ª avaliación) adaptada aos propios contidos traballados nese caderno.

A nota de cada avaliación será o resultado da media entre a nota das actividades e a nota da proba. As actividades representarán un 50% da nota trimestral e a proba o 50 % restante. A nota da 3ª avaliación da materia pendente será o resultado da media da 1º e 2º avaliación debendo superar positivamente as dúas avaliacións.

No caso de non superar a materia por trimestres propoñerase revisar e actualizar as actividades de reforzo e recuperación para examinarse nunha proba final que se avaliará na avaliación final. A valoración manterá a ponderación dun 50% para as actividades e o outro 50% a proba final

PLAN DE REFORZO (ALUMNADO REPETIDOR)

CRITERIOS

1. Identificación do alumnado

2. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición de curso.

Neste contexto haberá que determinar se o alumno en cuestión repetiu con ou sen a propia materia do departamento de Xeografía e Historia para facer as primeiras valoracións. No caso de ter suspendida a materia do departamento analizarase cales foron os problemas e dificultades, as carencias, observadas no alumno ou alumna en cuestión no curso anterior. Contarase sempre co asesoramento do Departamento de Orientación para completar a diagnose xeral do alumnado nesta situación.

3. Medidas ordinarias aplicadas o curso anterior

Tamén teranse en conta as medidas de reforzo que se poideron aplicar o curso anterior para valoralas, aplicalas ou correxilas. Tamén contaremos co asesoramento do Departamento de Orientación.

4. Estratexias metodolóxicas e recursos

Analizadas as dificultades que pode presentar este alumnado e dependendo das mesmas, elaboraranse materiais adaptados ás súas peculiaridades concretas nas que se priorizarán os contidos mínimos a nivel curricular cuns criterios de avaliación adaptados a estas circunstancias . En calquera caso estes reforzos serán puntuais intentando tamén que este alumnado se incorpore totalmente a outras actividades e tarefas xerais do grupo no que se atopa, sempre que entendamos pode realizar e desenvolver sin atrancos.

5. Medidas extraordinarias

Poderían ser recomendadas sempre co informe pertinente do Departamento de Orientación e coa opinión do resto do equipo docente. En calquera caso si se observara a necesidade de incorporalas, o departamento elaboraría un informe sobre a situación do alumnado concreto.

6. Información ás familias

Informarase periodicamente ás familias deste alumnado, vía titoría, do proceso de aprendizaxe e dos progresos experimentados polos alumnos e alumnas.

7. Avaliación e cualificación

Como normal xeral empregaranse os instrumentos de avaliación e pautas de cualificación empregadas co resto do alumnado. Loxicamente as probas e exames a realizar e os criterios avaliadores deberán estar adaptados ás circunstancias do alumnado.